

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA ONCE DE AGOSTO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusan asistencia D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretaria accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e quince minutos do día once de agosto de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o catro de agosto do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia de don Felipe Pinilla Rivera

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela con bloques de formigón, postes e arame, de aproximadamente 55 mts de lonxitude, no lugar de Canicoba, en solo de expansión de núcleos rurais (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: segundo as aliñacións grafiadas no PXOM deberá recuarse o cerramento 5,00 mts respecto do eixe do vial municipal; garantirase o natural discurrir das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección



do medio rural de Galicia o zócalo , de non quedar perfectamente rematado, irá revestido e pintado coas cores tradicionais; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de elementos diáfanos e vexetación.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e catro euros con vinte e dous céntimos (#34,22#)

2.2.- Instancia num. 1.338/09 de dona Isabel Sánchez Cabanelas

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a instalación dunha piscina prefabricada na parcela da súa vivenda situada en Figueiredo, en solo urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: o baleirado realizarase á rede de augas pluviais, en ningún caso á rede de augas residuais; respectaranse as distancias mínimas de 3,00 mts ós lindeiros e ás aliñacións oficiais do PXOM, segundo plano de ordenación nº 2/8-24. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos sesenta e sete euros con cincuenta céntimos (#267,50#)

2.3.- Instancia num. 1.389/09 de don Jaime Mejuto Carneiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento de aproximadamente 50 mts de lonxitude con base de formigón e tea de arame, no lugar de Pousada de Arriba-Vedra, en solo de núcleo rural (N-1) e solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal; garantirase o natural discurrir das augas e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e un euros con un céntimos (#91,01#)

2.4.- Instancia num. 850/09 de don Eladio M. Gago Rodríguez



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en A Torre de Arriba -Santa Cruz de Ribadulla, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num.plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Luís M. Blas y Blas, cun orzamento de 123.000,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo antes do comezo das obras presentar os oficios de dirección de obra do arquitecto e arquitecto técnico e axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais. Asimesmo deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil catrocentos sesenta euros (#2.460,00#)

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais segundo o disposto na documentación presentada ó efecto, que ascende a 131 m2.

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. 2 e final da obra de *Saneamento de Socastro -San Mamede de Ribadulla*

Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra *Saneamento de Socastro - San Mamede de Ribadulla*, incluída no Fondo Estatal de Invesrión Local, por importe de trinta e dous mil catrocentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (#32.435,78#), adxudicada á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L, send o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura num. EO0166/09 de Obras y Viales de Galicia, S.L polos traballos relacionados na citada certificación



3.2.- Certificación da obra Mejora de le eficiencia energética en Xián

Dáse conta da certificación do proxecto *Mejora de la Eficiencia energética en Xián*, con cargo á axuda concedida pola Consellería de Innovación e Industria, ó abeiro da Resolución do 06/06/2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva de subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables en Galicia, por importe de cincuenta e catro mil cincocentos dezaoto euros con once céntimos (#54.518,11#), IVE engadido, adxudicada pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día dous de xuño de 2009 á empresa Electricidad Cruceiro, S.L, como contrato menor de acordo co establecido no art. 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), sendo o director da mesma o enxeñeiro técnico industrial don Alvaro Piñeiro Fernández.

4º.- Acordo se procede, sobre adxudicación da obra de Instalación de tabiquería móbil no Museo Modesto Paz Camps

Dáse conta das axudas concedidas polo Ministerio de Política Territorial e pola Excma. Deputación Provincial para levar a cabo as actuacións recollidas na memoria de *Instalación de tabiquería móbil no Museo Modesto Paz Camps*, redactada polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez..

A Xunta de Goberno, de acordo co establecido no artigo 122.3 da lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, acorda adxudicar a Promotora Matimán, S.L a obra de *Instalación de tabiquería móbil no Museo Modesto Paz Camps*, como contrato menor, no prezo do tipo, é dicir, corenta e un mil cento setenta e sete euros con trinta e dous céntimos (#41.177,32#), IVE incluído.

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da obra de Instalación de ascensor adaptado no Polideportivo de Vedra

Dáse conta da circular remitida pola Excma. Deputación Provincial para a contratación das obras incluídas na *1ª fase do Programa de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas*.

De acordo coa mesma, a Xunta de Goberno acorda adxudicar á obra de *Instalación de ascensor no Polideportivo de Vedra* (Orzamento: 38.227,72 euros), incluída no citado programa, a Promotora Matimán, S.L, no prezo de trinta e oito mil douscentos vinte e sete euros con setenta e dous céntimos (#38.227,72#), IVE incluído, como contrato menor de acordo co establecido no artigo 122.3 da lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, ó cumprir a citada empresa os requisitos establecidos na base 8 das reguladoras do citado programa .

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de agosto do ano que andamos, pola que á vista do informe favorable emitido polo coordinador de seguridade e saúde da obra de *Ampliación de rede de abastecemento en Ponte Ulla*, incluída no Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011, anualidade 2009, don Javier García Méndez, apróbase o plan de seguridade e saúde presentado pola



empresa adxudicataria da mesma, Proyecta, Actividades Profesionales de la Construción, S.L.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de agosto do ano que andamos, pola que á vista do informe favorable emitido polo coordinador de seguridade e saúde da obra de *Ampliación de saneamento en el lugar de Paradela*, incluída no Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011, anualidade 2009, don Javier García Méndez, apróbase o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria da mesma, Obras y Viales de Galicia, S.L

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de agosto do ano que andamos, pola que se ordena a contratación de don Victor Carbia Méndez para a cobertura das vacacións do persoal de servizo de recollida de lixo dende o 12 de agosto ata o 18 de setembro, a xornada completa, pola súa experiencia no posto

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de agosto do ano que andamos, pola que con motivo da renuncia de don Gerardo Pájaro Gómez como peón especialista de protección civil, ordénase a contratación do 1º suplente no proceso selectivo realizado, don Emilio Pérez Hermo do 12/08/2009 ó 31/01/2010

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7º.- Outros asuntos

7.1.- Aprobación , se procede, de convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vedra

Dáse conta do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

e este concello para o desenvolvemento do programa xantar na casa, un servizo de comida a domicilio promovido e financiado pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, co que se pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio

7.2.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención á Secretaría Xeral para o Deporte

Dáse conta da Resolución do 30 de xullo de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e para a adquisición de equipamentos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ó ano 2009 (DOG num. 149/09, do 31 de xullo)



A Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria redatada ó efecto

7.3.- Aprobación do Plan Municipal de Prevención de incendios forestais de Vedra

A Xunta de Goberno acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Segalicia Enxeñeiros por importe de oito mil (#8.000,00#) euros, máis IVE, para a redacción do plan municipal de prevención de incendios municipal, asesoramento en todo o relativo á defensa contra incendios forestais durante o ano 2009, incluíndo un curso de 10 horas de formación do persoal do concello que participa na denfensa contra incendios forestais.

Conclúe ó fio das trece horas e cincuenta e cinco minutos

